



ACTA N.º 5/2017

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O 25 DE MAIO DE 2017

ASUNTOS

- I.- **PARTE RESOLUTIVA**
I.1.- ACTA ANTERIOR
I.2.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 2/2017
I.3.- PETICIÓN Á XUNTA PARA QUE INICIE OS TRAMITES PARA A DECLARACIÓN DOS GRAVADOS RUPESTRES PREHISTÓRICOS GALEGOS COMO PATRIMONIO DA HUMANIDADE
I.4.- DARLLE O NOME DE JORGE OTERO AO PAVILLÓN DE DEPORTES MUNICIPAL DE PANXÓN
I.5.- CONCESIÓN DOS VI PREMIOS NIGRÁN (2017)
I.6.- CAMBIO DE REPRESENTANTE NA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DO VAL MIÑOR
- II.- **CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO**
II.1.- **RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA** especial referencia á de 28-03-2017 sobre SUBVENCIÓNS PARA SERVIZOS SOCIAIS
II.2.- DAR CONTA DA AVALIACIÓN DO GRADO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E DO NIVEL DE DÉBEDA VIVA NO PRIMEIRO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2017
II.3.- DAR CONTA DO CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGO DAS OPERACIÓNS COMERCIAIS DURANTE O PRIMEIRO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2017
II.4.- DAR CONTA DA RELACIÓN DE ORDES DE PAGO CON REPAROS CORRESPONDENTES AO PRIMEIRO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2017
II.5.- DAR CONTA DA XUSTIFICACIÓN DOS GASTOS DE FUNCIONAMENTO DE CATRO GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS CORRESPONDENTES AO ANO 2016
II.6.- ROGOS E PREGUNTAS

ASISTENTES:

Grupos:

Presidencia

- PSOE:

- D.^a Raquel Giráldez Armas (Alcaldesa en funcións)

Concelleiros/as:

- D. Diego García Moreira
- D. Rubén Rial Sánchez
- D.^a Ana Pérez Pérez
- D. José Luis Sanromán Román
- D. Alfonso Vázquez Pérez

- PP:

- D. Alberto Valverde Pérez
- D. Alberto García Pazos
- D.^a Liliana Silva Pequeño
- D.^a M.^a Carmen Alonso Macías Jorreto
- D. Miguel Alonso Fernández
- D.^a Rosa Rodríguez Rodríguez

- NIGRÁN DECIDE:

- D. José Cuevas Raposo
- D. Anxo Daniel Mosquera Nogueira

-UCNigrán:

- D. Antonio Fernández Comesaña

- BNG:

- D. Xavier Rodríguez Fernández





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Interventor: D. Modesto Solla Sanz
Secretario: D. Julio César Doallo Álvarez

Outros datos da sesión:

- *Data:* Xoves, 25 de maio de 2017
- *Lugar de celebración:* Salón de Sesións da Casa do Concello de Nigrán
- *Carácter da sesión:* ordinario
- *Convocatoria:* primeira
- *Hora de comezo:* 20:05
- *Hora de remate:* 21:16
- *Número legal de membros da Corporación:* 17
- *Número de membros asistentes no momento da constitución:* 16
- *Non asiste:* D. Juan Antonio González Pérez, Alcalde-Presidente, quen delegou as súas funcións mediante a Resolución 2017/928 de 18 de maio.

Incidencias:

- a) Alteracións no *quórum* de asistencia: Non se producen.
- b) Outras incidencias: Non se recollen.

Coas circunstancias sinaladas celebrouse, en acto público, a sesión plenaria á que se refire a presente acta, na que se trataron os asuntos que seguidamente se describen, respecto dos que se adoptaron os acordos que se fan constar:

I.- PARTE RESOLUTIVA

I.1.- ACTA ANTERIOR

A acta que se somete á aprobación corresponde á sesión de data: 27 de abril de 2017.

Preguntando o Sr. Presidente se algún membro da Corporación ten algo que obxectar á acta da sesión sinalada, distribuída coa convocatoria, non se producen intervencións.

Votación e acordo. Sometida á votación a acta da sesión do 27 de abril de 2017. queda aprobada cos votos a favor dos 16 membros da Corporación presentes.

I.2.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 2/2017

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 18 de maio de 2017, informa favorablemente o expediente, coa seguinte proposta da Alcaldía:

Vistas 17 facturas por importe de 80.883,09 euros, e 15 gastos de locomoción, dietas e outros, de corporativos e persoal por importe de 1.125,94 euros; facturas,





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

locomocións, dietas e outros (por importe total de 82.009,03 euros) non contabilizados nen pagados e correspondentes a obrigas líquidas, vencidas e presuntamente esixibles para o Concello de Nigrán ao contar con sinaturas de conformidade de diversos concelleiros, funcionarios e/ou persoal laboral do Concello de Nigrán, que corresponden a improcedentes ou irregulares contratacións de obras, servizos ou subministros documentalmente acreditados, así como a diversos gastos por desprazamentos, dietas e outros, de corporativos e persoal.

Visto o estado de execución do orzamento xeral prorrogado do Concello de Nigrán para o ano 2017, e tendo en conta a existencia de crédito adecuado e retido por importe de 82.009,03 euros en 17 aplicacións do estado de gastos do orzamento xeral citado.

Sendo criterio desta Alcaldía intentar cumprir o establecido legalmente para a realización do gasto público e, en consecuencia, suprimir ou reducir a supostos concretos, excepcionais, puntuais e de escasa contía os gastos que se poidan realizar incumprindo a normativa citada, especialmente a referida á necesidade da existencia, documentalmente acreditada, de crédito adecuado, dispoñible e en contía suficiente antes da realización de calquera gasto público municipal; ao cumprimento dos trámites da contratación administrativa; á fiscalización preceptiva previa, e a referida ao “Bon goberno” según o disposto nos artigos 25 ao 32 ambos inclusive da Lei 19/2013 do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bon goberno, BOE número 295, do 10.12.2013.

Tendo en conta a necesidade de continuar co saneamento económico do Concello de Nigrán e co recoñecemento extraxudicial de diversos gastos coa finalidade, entre outras, de non dar lugar, no seu caso, a posibles enriquecementos inxustos para o citado Concello así como, no seu caso, a posibles quebrantos económicos a varios terceiros que teñen pendente de contabilización e de pago diversas facturas correspondentes a obrigas non prescritas.

Coa finalidade de non afectar negativamente aos prazos medios de pagos de obrigas, así como á estabilidade orzamentaria.

Esta Alcaldía, proponlle ao Concello Pleno:

PRIMEIRO: Resolver os reparos formulados polo Interventor Xeral no Concello de Nigrán, que figuran nun informe do día 16.05.17, referencia T 101/17 .

SEGUNDO: Declarar esixibles as obrigas indicadas nas 17 facturas por importe de 80.883,09 euros, e nos 15 gastos de locomoción, dietas e outros, de corporativos e persoal por importe de 1.125,94 euros indicados nas relacións unidas a esta proposta; aprobar as mesmas, e recoñecer extraxudicialmente os gastos citados por importe total de 82.009,03 euros con cargo aos créditos orzamentarios retidos nas correspondentes aplicacións orzamentarias do estado de gastos do orzamento xeral prorrogado do Concello de Nigrán para o ano 2017.

Deliberación.- Síntese das intervencións:





Sra. Alcaldesa-Presidenta en funcións: Resume a proposta. Houbo algunhas facturas que se devolveron, referidas a gastos xudiciais, por defectos de forma. Nalgún caso trátase de créditos que caducaron e que se recuperaron posteriormente. Dálle lectura á proposta.

D. Alberto García Pazos, do grupo Popular: Propuxeron na Comisión que os gastos do presente exercicio se imputasen ao orzamento deste ano. As do 2016 serían as que deberían atenderse por este procedemento de recoñecemento. Fai referencia a algunhas que lle ofrecen dúbidas. Urxe a aprobación do orzamento. Votarán en contra.

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: Por non facer modificacións orzamentarias no presente ano hai que traer certas facturas por esta vía extraordinaria. O goberno non demostra capacidade para traer un orzamento, negociando coa oposición. Ofrece a súa colaboración para isto. Refírese a certos gastos, como o do emisorio, que entende que non son de competencia municipal. No parque de Damas Apostólicas non se actuou de forma transparente. Noutro caso trátase dunha subvención encuberta. No tema das ramplas ofrécelle dúbidas o proceso seguido coas empresas, e tamén no caso das casetas, xa que non se solicitaron a empresas capacitadas as correspondentes ofertas. Tamén critica a forma na que se adxudicou a última auditoría a CESP. Votarán que non.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: Hai erros na tramitación que dan lugar a este resultado. No caso do procurador do tema de Zona Franca púidose negociar con el igual que co avogado. Segue o escaso control sobre os cursos de persoal. Por responsabilidade e dado que as cifras que non obedecen a erros de tramitación non son especialmente elevadas, non se oporá, senón que adoptará unha postura de abstención crítica. Por certo, chámalle a atención que se diga que non é un expediente de Intervención.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: No que vai de ano xa imos en 145.000 € en recoñecementos, case como todo 2016. Non pode tomarse como unha práctica habitual. Tamén acepta que certa demora na tramitación produciu parte deste desfase. Nos procesos de contratación seguidos hai aspectos criticables. Vaise abster dadas as circunstancias.

Sra. Alcaldesa-Presidenta en funcións: Asumen a súa responsabilidade. A cuestión é que se fai recaer a decisión sobre os provedores. Votarán a favor.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 6; PSOE.
- Votos en contra: 8; PP e Nigrán Decide.
- Abstencións: 2; UCN e BNG.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda rexeitar a proposta.

I.3.- PETICIÓN Á XUNTA PARA QUE INICIE OS TRAMITES PARA A DECLARACIÓN DOS GRAVADOS RUPESTRES PREHISTÓRICOS GALEGOS COMO PATRIMONIO DA HUMANIDADE

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 18 de maio de 2017, acordou ditaminar





favorablemente a seguinte proposta:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O patrimonio arqueolóxico galego ten no conxunto de petróglifos prehistóricos ao aire libre -catro mil anos nos contemplan- un dos seus compoñentes máis significativos. posuidor dunhas singularidades que fan que brille con luz propia no panorama da arte rupestre europea.

Os gravados son materia sensible que demandan traballos de limpeza e mantemento para asegurar a súa conservación. A proliferación do mato e da arboreda no seu entorno déixaos sen ningunha protección cando se producen incendios forestais, provocando as altas temperaturas a súa destrución pola ruptura das capas superficiais (termoclastia). As obras incontroladas e os traballos no monte sen adoptar medidas preventivas son outros dos riscos aos que están sometidos.

As insculturas son BIC (Bens de Interese Cultural) e, en consecuencia, gozan do Máximo grado de protección. En teoría o marco normativo - Lei de Patrimonio Histórico Español de 1985, Lei 8/1995, do 30 de outubro. do patrimonio cultural, e Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia- debería ser suficiente para asegurar o seu coidado e preservación. Sen embargo a realidade que nos atopamos é que unha parte considerable dos nosos gravados rupestres -incluídos algúns dos máis sobranceiros como a emblemática Pedra das Ferraduras- corren un grave risco, non só de deterioro, senón de desaparición, diante do incumprimento da normativa por parte da Xunta e de moitos concellos.

As pinturas e gravados prehistóricos da cornisa cantábrica e máis os da zona levantina gozan deste recoñecemento. O conxunto de gravados rupestres prehistóricos ao aire libre galego -con valor e entidade semellantes- atópase sen esa salvagarda, desprotexido.

A arte rupestre é a materia identitaria que mellor nos define. O repertorio de insculturas xeométricas e figurativas galegas é, sen ningunha dúbida, dos máis representativos de Europa. Esta manifestación cultural atesoura, ademais, un rico patrimonio inmaterial, de xeito que ao redor destes xacementos arqueolóxicos o pobo foi construíndo ao longo do tempo un discurso popular xenuíno que reflicte non só parte da súa cosmovisión senón tamén toda unha valiosa mostra de construción cultural da paisaxe.

ACORDO:

Solicitar á Xunta de Galicia que inicie xa os trámites para acadar a declaración do conxunto de gravados rupestres prehistóricos ao aire libre galego "Petroglifos", como Patrimonio da Humanidade, a medida máis eficaz para garantir a súa supervivencia, agora mesmo seriamente ameazada, a súa valoración e o seu coñecemento.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

Sra. Alcaldesa-Presidenta en funcións: Asumírona todos os grupos na Comisión. Pensan que é de interese para todos.





D^a. M^a. Carmen Alonso Macías Jorreto, do grupo Popular: Nigrán ten un gran patrimonio deste tipo que o goberno descoida. Pide que os nosos os salvagardemos.

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: Están de acordo. Haberá que dotar orzamento para protexelos.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: Segue apoiando a iniciativa.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: Esta declaración subiría o rango da súa protección. Está a favor.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 16; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a proposta nos seus propios termos.

I.4.- DARLLE O NOME DE JORGE OTERO AO PAVILLÓN DE DEPORTES MUNICIPAL DE PANXÓN

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 18 de maio de 2017, á iniciativa do goberno municipal, acordou ditaminar favorablemente a seguinte proposta:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha vez rematadas as obras de rehabilitación integral do pavillón de deportes de Panxón, o GOBERNO DE NIGRÁN propón retomar a moción presentada en xaneiro de 2016 e que dito espazo deportivo leve o nome do deportista de máis alto nivel profesional a nivel mundial que deu o Concello de Nigrán, o futbolista Jorge Otero.

Jorge Otero nace o 28 de xaneiro do ano 1969 en Nigrán e dende que iniciou a súa carreira futbolística máis profesional sempre foi coñecido como o "futbolista de Nigrán", dende os seus inicios no R. C. Celta de Vigo, ata no Valencia C. F. , no Real Betis ou no Atlético de Madrid. Esta brillante carreira futbolística levouno a converterse no primeiro xogador de fútbol do R.C. Celta e, por suposto, de Nigrán que defendeu a camiseta da selección española nun Mundial, o de Estados Unidos de 1994.

Esa carreira deportiva inigualable e a defensa dos seus orixenes nigraneses aló onde a súa profesión o levou é o que impulsa esta proposta ao Pleno Municipal de Nigrán, solicitando a adopción do seguinte **ACORDO**:

Nomear, unha vez rematadas as obras de remodelación, ao Pavillón de Deportes Municipal de Panxón-Nigrán, como "Pavillón de Deportes Municipal de Panxón Jorge Otero"





Deliberación.- Síntese das intervencións:

Sra. Alcaldesa-Presidenta en funcións: Pártese dunha moción do grupo Socialista para recoñecer os méritos deste deportista tan significado.

D^a. Liliana Silva Pequeño, do grupo Popular: Votarán a favor. Xa se lle deu o premio Nigrán. Están de acordo con que primeiro se arranxe o pavillón.

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: Absteranse. Aquí non se buscou o consenso previo á proposta. O pavillón xa ten un nome. Non teñen nada contra o deportista. Nesta instalación non se practica o fútbol. Debería respectarse a denominación actual.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: Non apoiou as obras do pavillón. Iso non quita que vote a favor desta iniciativa. Os méritos sobradamente coñecidos do deportista xustifican a proposta. Tamén coincide en que o consenso debe ser previo.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: Pensa que ten sobrados méritos como deportista de élite e como nigranés e galego. Non son partidarios da toponimia vencellada a persoas, e menos vivas. Aposta pola toponimia descritiva. Por isto absterase.

Sra. Alcaldesa-Presidenta en funcións: Toman nota das suxestións dos grupos.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 13; PSOE, PP e UCN.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 3; Nigrán Decide e BNG.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a proposta nos seus propios termos.

I.5.- CONCESIÓN DOS VI PREMIOS NIGRÁN (2017)

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 18 de maio de 2017, previa declaración de urxencia, acordou ditaminar favorablemente a proposta da comisión de valoración celebrada o 02-05-2017 para a concesión dos VI Premios Nigrán ás seguintes entidades:

- Social Voluntari@s concello de Nigrán
- Educativo CEIP A Cruz de Camos
- Empresarial Panadería Confeitería Valverde
- Cultural Grupo de Teatro Lusco e Fusco
- Deportivo Club Ciclista Rías Baixas





Deliberación.- Síntese das intervencións:

Sra. Alcaldesa-Presidenta en funcións: Dálle lectura ás nominacións, que obedecen á valoración das traxectorias respectivas e á distribución territorial. A idea é que o acto sexa o 9 de xuño.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 16; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a proposta nos seus propios termos.

I.6.- CAMBIO DE REPRESENTANTE NA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DO VAL MIÑOR

Por acordo plenario de 25 de xuño de 2015 nomeouse a D. Antonio Fernández Comesaña (UCN) como un dos catro Concelleiros representantes do Concello de Nigrán na Xunta da Mancomunidade de municipios do Val Miñor.

Previo anuncio na Comisión Informativa de Asuntos Xerais do día 18 de maio de 2017, con data 23 de maio de 2017, o referido representante propón conxuntamente co Concelleiro D. Xavier Rodríguez Fernández (BNG), a súa substitución por este último para o que queda de mandato.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

Sra. Alcaldesa-Presidenta en funcións: Dálle a palabra ao actual representante de UCN, o Sr. Fernández Comesaña.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: Explica que o cambio obedece a un pacto co BNG para repartirse a lexislatura entre os dous grupos.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 16; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda:

Primeiro.- Designar como novo representante do Concello de Nigrán na Xunta da





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Mancomunidade de municipios do Val Miñor ao Concelleiro **D. Xavier Rodríguez Fernández (BNG)**, en substitución do tamén Concelleiro D. Antonio Fernández Comesaña (UCN), quen fora nomeado por acordo plenario de 25 de xuño de 2015.

Deste xeito a representación do Concello de Nigrán pasa a estar integrada, ademais de polo Sr. Alcalde-Presidente, polos seguintes membros da Corporación:

- D. Rubén Rial Sánchez (PSOE)
- D.^a Liliana Silva Pequeño (PP)
- D. José Cuevas Raposo (Nigrán Decide)
- D. Xavier Rodríguez Fernández (BNG)

Segundo.- Comunicar o presente acordo á referida Mancomunidade.

II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

II.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA. Especial referencia á de 28-03-2017 sobre SUBVENCIONES PARA SERVICIOS SOCIAIS

Aos efectos do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sinálase que dende a convocatoria da sesión estiveron á disposición dos Sres. Concelleiros as Resolucións da Alcaldía ditadas entre o 16 de abril de 2017 e o 15 de maio de 2017, ambos incluídos, entre elas a seguinte, de corrección de erros da Resolución do 28-03-2017, emitida na data **03-05-2017**:

CORRECCIÓN DE ERROS

Advertido un erro na resolución da Alcaldía de data 28 de 03 de 2017, na contía e porcentaxe do orzamento total do proxecto, e en uso das facultades que lle confire a vixente lexislación local, esta Alcaldía- Presidencia RESOLVE:

ÚNICO: CORRIXIR este decreto, quedando redactado nos seguintes términos :

RESOLUCIÓN

SUBVENCIONES PARA SERVICIOS SOCIAIS

Expte núm.: 2017/03

Departamento: Servizos Sociais

Visto o Decreto 99/2012 do 16 de marzo polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento

Esta Alcaldía-Presidencia, RESOLVE:

- Solicitalle á Consellería de Política Social a transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal regulada no Decreto 99/2012, do 16 marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.
- Que o importe total do financiamento solicitado, segundo se reflicte no resumo xeral deste





anexo V, é do 209.913,00 €, co seguinte detalle:

- Persoal. 50.445,00€
 - Mantemento: 0,00 €
 - Axuda no fogar:
 - . Modalidade de prestación básica do Plan Concertado: 0,00€
 - . Modalidade para persoas valoradas como dependentes: 159.468,00€.
 - Xestión de programas: 0,00€
 - Investimento: 0,00€
-
- Que o acordo inclúe a declaración de que os servizos sociais comunitarios municipais seguen a prestarse con continuidade.
 - Que se adoptou o compromiso de cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal incluídos no proxecto anual presentado para a solicitude da transferencia finalista correspondente ao exercicio 2017 na contía de 265.096,91€, que supón unha porcentaxe do 55,81% sobre o orzamento total do proxecto, excluídas outras achegas autonómicas.
 - *Dar conta ao Pleno.*

II.2.- DAR CONTA DA AVALIACIÓN DO GRADO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E DO NIVEL DE DÉBEDA VIVA NO PRIMEIRO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2017

O informe da Intervención municipal que contén a información correspondente é o que a seguir se identifica:

- Rfa. T 85/17
- Data de emisión: 28-04-2017
- Epígrafe: Obxectivo de estabilidade orzamentaria, "Regla do gasto", e nivel de débeda viva estimados, para o día 31.12.2017, no primeiro trimestre de 2017.

II.3.- DAR CONTA DO CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGO DAS OPERACIÓNS COMERCIAIS DURANTE O PRIMEIRO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2017

A documentación de referencia é a facilitada pola Intervención municipal, sobre o cumprimento dos prazos de pago das operacións comerciais do Concello de Nigrán durante o 1.º trimestre do 2017.

II.4.- DAR CONTA DA RELACIÓN DE ORDES DE PAGO CON REPAROS CORRESPONDENTES AO PRIMEIRO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2017

A documentación de referencia é a facilitada pola Intervención municipal, sobre relacións contables con reparos aprobadas no primer trimestre 2017.





II.5.- DAR CONTA DA XUSTIFICACIÓN DOS GASTOS DE FUNCIONAMENTO DE CATRO GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS CORRESPONDENTES AO ANO 2016

A documentación de referencia é a facilitada pola Intervención municipal, sobre xustificación dos gastos de funcionamento de catro grupos políticos municipais correspondentes ao ano 2016.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: Parece que non é relevante a presentación porque non se revisan nin analizan. Incluso poden non presentarse. Pide que se faga a correspondente fiscalización pola Intervención. Tamén se poderían levar á comisión de transparencia.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: El tamén presentou a súa documentación por rexistro. Faltan criterios que regulen a materia.

II.6.- ROGOS E PREGUNTAS

1.- *D. Alberto García Pazos, do grupo Popular:*

El mismo ruego de los 3 últimos plenos. Yo creo que en este último, en el anterior lo había hecho también, pero se ve que el que redacta el acta ya se aburrió de escribir siempre lo mismo. Es una contestación de 3 escritos presentados por registro de entrada. Es el tercer Pleno en el que lo solicito más la presentación, ya no lo voy a pedir más por esta vía.

Sra. Alcaldesa-Presidenta en funcións: ¿Que era?

Sr. García Pazos: Están referenciados en las actas anteriores. Aprovecho para felicitar la forma en que se nos manda ahora mismo la información para los Plenos y me llamó en sentido muy positivo la atención, como se había remitido la información a todos los corporativos, en este caso por el servicio responsable, que es el servicio de Secretaría General.

2.- *D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:*

2.1. Tamén ten un pouco que ver con isto. No Pleno pasado lle formulei bastantes preguntas por escrito, o Alcalde me contestou que as que requirían informe técnico están trasladadas aos técnicos, eu non as sei, xa llas responderán. Eu as preguntas llas fago ao Alcalde, a cuestión non é que eu faga a pregunta, el as reparte por aí e se esquece de se me contestan ou non. Eu non teño que andar detrás dos técnicos, o xefe dos traballadores do Concello é o Alcalde, eu non teño mando nos traballadores do Concello.

Isto ven cunha serie de peticións de información que teño feito, algunhas do ano pasado, que non se me facilitan, por exemplo a copia dos informes mensuais da empresa auditora de CESP. Ando preguntando polos técnicos e me din que non os teñen. Os tes ti concretamente Raquel.





Sra. Alcaldesa-Presidenta en funcións: Nos os teño, os teñen en Servizos Urbanos.

Sr. Cuevas Raposo: Non é cuestión de que eu teña que facer o dobre traballo de primeiro solicitalo vía oficial ao Alcalde e que cando o Alcalde non se preocupa de quen me conteste ou non me conteste, entón teño que ir aos técnicos. Parece que a este goberno lle interesa máis que nós en vez de traballar por Nigrán cos nosos erros ou non, esteamos traballando o dobre ou o tripló, facendo o mesmo traballo tres veces.

Sra. Alcaldesa-Presidenta en funcións: Pero que traballedes o tripló non implica que traballedes ben.

Sr. Cuevas Raposo: Nós temos uns dereitos democráticos que se nos están vulnerando, que é o dereito á información. Tamén está chegando a un límite a paciencia.

2.2. Na pasada reunión do Consello sectorial formulei unha pregunta de se podían informar algo sobre a modificación das normas urbanísticas en Porto do Molle. O Alcalde e o Concelleiro de urbanismo contestaron que non sabían nada, para a continuación dicir o técnico de EPTISA que estaba exposta na web da Xunta de Galicia e que as promovía Zona Franca. Nese momento vostedes, o Concelleiro e o Alcalde, dixeron que debería tratarse dun cambio de usos e que ao día seguinte irían a preguntar a Zona Franca. Sen embargo, o día 6 de abril, bastante tempo antes desa reunión, o Concello solicitou a avaliación ambiental estratéxica simplificada desta modificación do plan de sectorización que estou falando. De verdade que nin o Alcalde nin o Concelleiro de urbanismo sabían que o Concello de Nigrán solicitara a avaliación ambiental estratéxica simplificada desa modificación?

Sra. Alcaldesa-Presidenta en funcións: Sabiamos que se solicitara un cambio do plan de usos.

Sr. Cuevas Raposo: Cando pregunto pola modificación me contestan que non saben nada, so falan cando fala o de EPTISA, é dicir que estaban enganándose.

Sra. Alcaldesa-Presidenta en funcións: Estabades equivocados no concepto. Non tiñamos unha modificación de normas, tiñamos unha modificación de plan de usos.

Sr. Cuevas Raposo: O plan de usos non son normas? Pois non serán. Isto é importante porque nesa reunión tamén dixi que esperaba que o PXOM fora de toda a Corporación e non so do goberno. Lle parece que toda a Corporación imos facer algo conxuntamente cando se lle fago unha pregunta sobre o cambio de normas de usos vostedes me ocultan a información, porque non son normas, por non usar a palabra técnica? Lle parece que nós podemos ter confianza na transparencia respecto á tramitación do Plan Xeral?

Sra. Alcaldesa-Presidenta en funcións: Por suposto.

2.3. Lle parece a vostede que informar a través da prensa e non aos grupos





municipais como se está a desenvolver a elaboración do PXOM é unha forma de implicar a toda a Corporación na aprobación do PXOM?

Sra. Alcaldesa-Presidenta en funcións: Foi unha consecuencia sobrevida, unha chamada e respondemos a unha pregunta e saíu en prensa.

Sr. Cuevas Raposo: Lle pido que xunte aos voceiros e que nos explique como está a tramitación do PXOM, porque hai cousas que supoño que xa están decididas, importantes, polo menos para o noso grupo municipal, e queriamos ir sabéndoas.

2.4. Estase elaborando a Relación de postos de traballo no Concello de Nigrán. Como vai o proceso?

Sra. Alcaldesa-Presidenta en funcións: Estamos co borrador e negociando cos sindicatos.

Sr. Cuevas Raposo: Non lle parece a vostede que unha cuestión estratéxica a medio prazo como é a aprobación da RPT, que vai a transcender desta Corporación debería ser aprobada co maior consenso posible?

D. Diego García Moreira, concelleiro Delegado: Aínda está moi verde.

Sr. Cuevas Raposo: Non lle parece que para acadar ese consenso debería participar a Corporación e non só o goberno na súa elaboración, aínda que só fora informando e escoitando o parecer dos distintos grupos municipais nunha xunta de voceiros?

Sra. Alcaldesa-Presidenta en funcións: Si, no momento adecuado.

Sr. Cuevas Raposo: E non lle parece que a esa reunión da xunta de voceiros deberían asistir os representantes dos traballadores do Concello para que nos transmitan tamén as súas inxerencias ou pareceres?

Sra. Alcaldesa-Presidenta en funcións: Podería darse sempre e cando fose produtivo.

2.5. Pareceume entender no Pleno pasado que para reforzar a eliminación do vial no PXOM, que estaba aprobado inicialmente, iba a encargarse un estudo de mobilidade.

Sra. Alcaldesa-Presidenta en funcións: Non é exacto, vaise encargar un estudo de mobilidade non só por ese motivo, senón porque nos interesa telo.

Sr. Cuevas Raposo: Rógolle que no estudo se inclúa algo orientado ao establecemento dun servizo de transporte público entre Nigrán e as parroquias.

2.6. Aprobose á iniciativa nosa unha moción en decembro ou novembro, para a mellora da factura electrónica do alumeadado público. Fíxose algo en relación a este tema?

Sra. Alcaldesa-Presidenta en funcións: Estase traballando niso.





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

3.- D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:

A rúa que pasa por detrás do instituto, que lembremos que é unha rúa que conecta Nigrán co polígono de Porto do Molle, está nun estado lamentable, quería saber se ten previsto algunha actuación nela este goberno.

Sra. Alcaldesa-Presidenta en funcións: Si, estaba xa contemplado o ano anterior. Non nos deu tempo e agora xa está contratado e en redacción o proxecto.

Ao non haber máis asuntos que tratar, rematouse o acto, e o Sr. Alcalde levantou a sesión á hora anteriormente consignada, do que eu, Secretario, dou fe.

O SECRETARIO

Vº e Prace
O ALCALDE
Juan Antonio González Pérez

